



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de decembro de 2020 (928/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e cinco minutos do día dezaoto de decembro de dous mil vinte, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1099).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1100).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 21/12/2020, asinada pola secretaria do Goberno Local, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e o alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 05/11/2020 acordou, entre outros, aprobar a modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias, así como o texto consolidado resultado de sucesivas modificacións.

Vista a comunicación remitida dende a Concellería Delegada de Fomento, de data 18/12/2020, apreciando erro material na modificación respecto da delegación III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS, no apartado En materia de Fomento, ao abeiro do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas e, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Rectificar o erro material apreciado no acordo da Xunta de Goberno Local de data data 05/11/2020, respecto da delegación III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS. En materia de Fomento apartado 2., que quedará redactado nos seguintes termos

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, salvo no caso dos contratos menores de obras; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.¹
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras.
4. Aprobar a prórroga do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación do proxecto de obras polo procedemento simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP ou normativa de aplicación.
6. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (establecida no artigo 243.6 da LCSP, ou normativa de aplicación).
7. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total

1 Rectificación erro material acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de novembro 2020



Concello de Vigo

execución das obras ocasionen graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP, ou normativa de aplicación.

8. Resolución do expediente de danos e perdas previsto no artigo 208.2, ou normativa de aplicación, nos contratos de obras.

Segundo.- Rectificar o erro material apreciado no texto consolidado do Acordo da Xunta de Goberno Local de Delegación de competencias de data data 05/11/2020, respecto da delegación III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS. En materia de Fomento, apartado 2., quedando a redacción definitiva co texto que figura como Anexo único do presente acordo.

Terceiro.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Sexto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS

Primeiro. - Delegar nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada por Resolución de data 17.08.2020 as atribucións nas condicións particulares que se detallan de seguido:

I.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de

execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público.¹

2. As contratacións con cargo ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de contratos menores, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.
3. O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:
 - a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
 - b) Aprobar as transferencias de crédito, agás as que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real decreto 500/90 do 20 de abril.
 - c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
 - d) Aprobación da achega de remanentes de créditos.
 - e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ao complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estivesen comprendidos globalmente no orzamento.
 - f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
 - g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.
 - h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
 - i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
 - j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
 - k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.
4. En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:

¹ Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2019



Concello de Vigo

- a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles polo importe fixado nas bases de execución orzamentarias do Organismo Autónomo cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
 - b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
 - c) A ordenación de pagos.
4. A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ao Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases do Réxime Local.
 5. Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

II.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE ORZAMENTOS E FACENDA.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, salvo no caso dos contratos menores de obras; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.¹
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras.²

1 Rectificación erro material acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de novembro 2020

2 Rectificación erro material acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro 2020

4. Aprobar a prórroga do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación do proxecto de obras polo procedemento simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP ou normativa de aplicación.
6. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (establecida no artigo 243.6 da LCSP, ou normativa de aplicación).
7. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP, ou normativa de aplicación.
8. Resolución do expediente de danos e perdas previsto no artigo 208.2, ou normativa de aplicación, nos contratos de obras.

En materia de Transportes¹

1. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
2. Adoptar os acordos relativos ás autorizacións en materia de transporte escolar, taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

IV.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE EMPRESA, ECONOMÍA, SEGURIDADE E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Autorizar calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario público municipal, sempre e cando a ocupación non comporte a necesidade de establecer un réxime concesional sobre o dominio público ocupado, correspondendo no seu caso a elaboración dos informes que resulten legalmente pertinentes e, en xeral, calquera aproveitamento especial que se pretenda facer das vías públicas.
3. Autorizar as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vaos), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos

¹ Subapartado III modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019



Concello de Vigo

hacia os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.

4. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:¹
 - a. Reserva de estacionamento e paradas
 - b. Reservas especiais para persoas con discapacidade
5. Autorizar as cacharelas de San Xoán e a queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.

En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.
6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou

1 Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019

prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.¹

9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requerimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.²

En materia de SPPRL:

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.
2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.
3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.
5. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellería-delegada e/ou polo SPPRL.

1 Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

2 Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019



Concello de Vigo

V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación¹

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á XMU.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.²

En materia de Xestión Municipal

¹ Número 7 engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019

² Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

VI.- NA CONCELLERÍA DELEGADA. DA ÁREA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

En materia de Emprego

A contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

VII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE.

En materia de Medio Ambiente

Outorgamento das preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

En materia do Zoolóxico municipal

Altas, baixas, cesións e aceptacións gratuitas de animais –sen valor económico-.

En materia de Cemiterios

1. Outorgamento de autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.
3. Ditar ordes de execución a titulares de dereitos privativos de enterramento nos cemiterios municipais en nichos, panteóns, sepulturas en réxime de concesión ou semellante, para que realicen traballos de conservación.

VIII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAIS.

En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.



Concello de Vigo

2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

En materia de parques e xardíns¹

1. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
2. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas

IX.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA²

En materia de Igualdade

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

X.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL E CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE³

En materia de Política de Benestar social

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliar municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

Segundo.-Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na Resolución da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e posterior de data 17 de agosto de 2020

1 Subapartado engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

2 Apartado IX engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

3 Apartado X engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. Cando fose atribuída por lei á Xunta de Goberno Local, o exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.
2. Aprobación do proxecto de obras no caso de contratos que se adxudiquen a través de contrato menor. Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras, e de ser necesario os seus anexos.¹Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites do artigo 134.3.c do TRLC, ou normativa de aplicación.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da LCSP, ou normativa de aplicación,. así como a prórroga ² e resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos. ³
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local⁴
7. A tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas, nos termos establecidos polas Bases de Execución dos Orzamentos.
8. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia, sen prexuízo de dar cumprimento ás esixencias previas en canto á

1 Texto de aprobacións engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05 de novembro de 2020

2 Engadida a delegación de prórroga, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05 de novembro de 2020

3 Letra 5 modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020

4 Letra 6 modificada por acordó da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020



Concello de Vigo

motivación da súa necesidade e cantos requisitos se establezan na normativa de aplicación.

9. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
10. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de Organización Municipal .
11. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de Organización Municipal, través da Área de Recursos Humanos e Formación.
12. Conformer o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
13. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, recabando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
14. Delegar nos/nas Concelleiros/as-Delegados/as de Área, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno:
15. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal
16. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.

17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

Terceiro.- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Cuarto.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

Quinto.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Sexto.- Así mesmo, deléganse nos señores/as Concelleiros/as as facultades de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

Oitavo.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

Noveno.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Décimo.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Décimo.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.



Concello de Vigo

3(1101).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA AS LIQUIDACIÓNS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR CORRESPONDENTES AOS CENTROS DE DÍA TEIS-ATALAIA, COIA E VALADARES (2º SEMESTRE 2020). EXP-TE. EXPTE. 203494/301

Dáse conta do informe-proposta de data 17/12/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada Política de Benestar Social e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Tiveron entrada no Rexistro deste Concello, na data que se indica, as seguintes liquidacións definitivas remitidas pola Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB), correspondentes ós Centros de Día de Teis (Atalaia), Coia e Valadares (2º semestre):

EXERCICIO: 2020 (2º semestre)						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
542/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	TEIS	2º semestre 2020	31.250€ (25 prazas x 1.250€/praza)
565/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	COIA	2º semestre 2020	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
566/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	VALADARES	2º semestre 2020	53.750€ (43 prazas x 1.250€/praza)

I.2. Tal como se informa nas comunicacións remitidas polo Sr. Xerente do Consorcio, de non efectuarse o pagamento de forma voluntaria (prazo: 3 meses), «a débeda contraída poderá ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local ao ter as cantidades que corresponda aboar ao Concello derivadas do réxime de cofinanciamento previsto no artigo 69 da Lei 2/2017, a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles».

I.3. É o caso que o 20.10.2020 tivo entrada no Rexistro deste Concello a comunicación da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Admón. Públicas da Xunta de Galicia pola que se dá traslado da Resolución da mesma data do seu Director xeral acordando practicar unha retención de fondos do Fondo de Cooperación Local (FCL) ó Concello de Vigo por débedas co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por un importe total de 1.157.500,00 € nos seguintes termos:

“Realizar, en concordancia co plan de pagamentos proposto, tres retencións de 309.968,35 €, que equivalen aproximadamente ao 60% da cantidade que mensualmente lle corresponde ao Concello de Vigo nas entregas á conta do FCL, e unha última de 227.594,95 €, para o seu posterior ingreso na conta do Consorcio, de acordo coa seguinte distribución:

Ano	Nº mensualidades	Meses	Importe/mes	Total
2020	1	decembro	309.968,35 €	309.968,35 €
2021	2	xaneiro e febreiro	309.968,35 €	619.936,70 €
2021	1	marzo	227.594,95 €	227.594,95 €
Total retencións.....				1.157.500,00 €

Activado xa ese mecanismo a instancias do CGSIB a respecto das cantidades correspondentes á facturación anterior (1º semestre de 2017 – 1º semestre de 2020) entendemos que, agás mellor criterio da Asesoría xurídica municipal, procedería tamén a impugnación en vía contenciosa desa Resolución do Director Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Admóns. Públicas da Xunta de Galicia .

I.4. Segundo se expresa nas correspondentes notificacións, contra esta Resolución e as do Xerente do Consorcio, que esgotan a vía administrativa, cabe formular potestativamente o requirimento previo de anulación/revogación perante ese mesmo órgano no prazo de dous (2) meses ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do CA do TSXG (Art. 10.1.g] LRXCA).

II. DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

II.1. No Expediente nº 11220/111 da Asesoría Xurídica Municipal (conexo co nº 146526/301 de Benestar Social) tramitouse perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o Recurso Contencioso-Administrativo interposto por este Concello mediante acordo da XGL do 17.01.2018 contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017].

II.2. Solicitada pola Asesoría Xurídica Municipal a acumulación da Resolución da 2ª liquidación ó referido RCA, que se tramitou como procedemento ordinario PO 42/2018 pola Sección 1ª da Sala do CA do TSXG, tal pedimento foi desestimado mediante Providencia do 18.06.2018, o que determinou a necesidade de interpoñer un RCA diferenciado a respecto desa nova Resolución e así foi acordado pola XGL do 12.07.2018, que decidiu impugnar en vía contencioso-administrativa a “2ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 630/2017, 605/2017 e 631/2017].

II.3. Por STSX de Galicia nº 90/2020 do 06.02.2020, ditada no RCA n.º 4050/2019, foi desestimado o primeiro recurso presentado polo Concello de Vigo. Esta sentenza é firme, pero non así a recentemente comunicada (STSX de Galicia nº 667/2020 do 04.12.2020), que



Concello de Vigo

desestima o RCA formulado sobre requirimento de revogación das liquidacións correspondentes á 2ª liquidación semestral de 2017 dos Centros de día da Xunta de Galicia en Vigo. Contra esta Sentenza cabe recurso de casación perante o Tribunal Supremo, que consideramos debería plantexarse en todo caso para esclarecer definitivamente o réxime competencial en materia de servizos sociais logo da promulgación da L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; cuestión non abordada nin resolta debidamente nesas dúas sentenzas do TSX.

II.4. Por congruencia e por entender que as Resolucións obxecto de controversia e a normativa autonómica na que se pretenden abeirar (L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación) constitúen unha infracción da lexislación estatal de Réxime local en materia de distribución de competencias e da propia lexislación sectorial autonómica reguladora dos Servizos sociais, ademais dunha grave vulneración da garantía institucional da autonomía local na súa vertente financeira (Art. 142 CE, LO.2/2012, etc.), considerouse tamén xustificada e conforme a Dereito a interposición de recurso contencioso – administrativo contra as Resolucións do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de datas 19.02.2020, 20.02.2020, 24.02.2020 e 23.04.2020 polas que se aprobaron as liquidacións correspondentes ós Centros de día de Coia, Teis (Atalaia) e Valadares dos exercicios de 2018, 2019 e 1º semestre de 2020.

Así foi acordado pola XGL na súa sesión ordinaria do 17.07.2020, interpoñéndose pola Asesoría xurídica municipal RCA perante a Sala do CA do TSXG o 28.07.2020 (Exp. n.º 12920/111).

Idéntica resposta propónse agora polo Servizo de Benestar Social a respecto das liquidacións definitivas correspondentes ó 2º semestre de 2020 (Exp. n.º 203494/301).

II.5. Ademais, entendemos que, dado que se trataría dun acto de execución por falta de pagamento voluntario das cantidades reclamadas baseado exclusivamente nas discutidas Resolucións liquidatorias previas da Xerencia do CGSIB e que só unha delas (a correspondente ó 1º semestre de 2017) tería gañado xa firmeza, procedería recorrer tamén en vía contenciosa a Resolución do Director Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Admóns. Públicas da Xunta de Galicia do 20.10.2020 pola que se dispuxo a compensación da débeda esixida con cargo á participación do Concello de Vigo no FCL polo importe indicado; en concreto, na parte que se refire ás liquidacións que non terían acadado firmeza por ter sido recorridas xudicialmente e non existir aínda un pronunciamiento definitivo.

II.6. Dase por emitido polo Asesor xurídico adxunto da Área de Benestar social, nos termos recollidos neste informe-proposta, o informe xurídico previsto nos Arts. 54.3 do TRRL e 221.1 do ROF, segundo os que os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das Entidades Locais deberán adoptarse previo ditame do Secretario ou, de ser o caso, da Asesoría xurídica e, en defecto destes, dun Letrado.

II.7. É competente para acordar da interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, segundo o previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.5 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Interpoñer recurso contencioso – administrativo contra as Resolucións do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de data 02.12.2020 polas que se aprobaron as liquidacións correspondentes ós Centros de día de Coia, Teis (Atalaia) e Valadares do exercicio de 2020 (2º semestre):

EXERCICIO: 2020 (2º semestre)						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
542/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	TEIS	2º semestre 2020	31.250€ (25 prazas x 1.250€/praza)
565/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	COIA	2º semestre 2020	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
566/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	VALADARES	2º semestre 2020	53.750€ (43 prazas x 1.250€/praza)

SEGUNDO: Pola súa íntima conexión coas discutidas Resolucións do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e por referirse en parte a liquidacións que aínda non serían firmes, impugnar igualmente a Resolución do Director Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Admóns. Públicas da Xunta de Galicia pola que se acordou practicar unha retención de fondos do Fondo de Cooperación Local (FCL) ó Concello de Vigo polas débedas reclamadas polo CGSIB derivadas das liquidacións dos Centros de Día da Xunta en Vigo, co seguinte detalle.

EXERCICIO: 2017						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
630/2017	13.04.2018	13.04.2018	180054707	COIA	2º semestre 2017	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)



Concello de Vigo

605/2017	13.04.2018	13.04.2018	180054707	TEIS	2º semestre 2017	35.000€ (28 prazas x 1.250€/praza)
631/2017	13.04.2018	13.04.2018	180054707	VALADARES	2º semestre 2017	50.000€ (40 prazas x 1.250€/praza)

EXERCICIO: 2018						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REGISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
62/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	COIA	1º semestre 2018	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
36/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	TEIS	1º semestre 2018	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
63/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	VALADARES	1º semestre 2018	51.250€ (41 prazas x 1.250€/praza)
424/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	COIA	2º semestre 2018	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
398/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	TEIS	2º semestre 2018	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
425/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	VALADARES	2º semestre 2018	51.250€ (41 prazas x 1.250€/praza)

EXERCICIO: 2019						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REGISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
224/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	COIA	1º semestre 2019	79.375€ (63,5 prazas x 1.250€/praza)
198/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	TEIS	1º semestre 2019	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
225/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	VALADARES	1º semestre 2019	50.000€ (40 prazas x 1.250€/praza)
637/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	COIA	2º semestre 2019	79.375€ (63,5 prazas x 1.250€/praza)
611/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	TEIS	2º semestre 2019	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
638/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	VALADARES	2º semestre 2019	50.000€ (40 prazas x 1.250€/praza)

EXERCICIO: 2020						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REGISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
181/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	TEIS	1º semestre 2020	31.250€ (25 prazas x 1.250€/praza)
207/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	COIA	1º semestre 2020	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
208/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	VALADARES	1º semestre 2020	53.750€ (43 prazas x 1.250€/praza)



Concello de Vigo

542/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	TEIS	2º semestre 2020	31.250€ (25 prazas x 1.250€/praza)
565/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	COIA	2º semestre 2020	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
566/2020	02.12.2020	03.12.2020	200256337	VALADARES	2º semestre 2020	53.750€ (43 prazas x 1.250€/praza)

TERCEIRO: Dar traslado deste acordo e do expediente administrativo de referencia (Exp. nº 203494/301) á Asesoría xurídica municipal para os efectos indicados».

Con todo, a Xunta de Goberno Local, co seu superior criterio, resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1102).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “CLECE, S.A.” POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PERÍODO 01.11.30 – 31.11.2020. EXPTE. 211081/301.

Visto o informe xurídico do 11/12/2020 e o informe de fiscalización do 16/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/12/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, aprobou recentemente, na sesión ordinaria do 3/12/2020 o aboamento mediante indemnización substitutiva, á empresa CLECE, S.A., pola prestación do Servizo Axuda no Fogar (en adiante SAF) entre o 19/10/2020 e o 31/10/2020, unha vez que se deu conta do informe proposta do Xefe de Área de Benestar Social do 25/11/2020 e visto o informe xurídico do 25/11/2020 e o informe de fiscalización do 27/10/2020, (Expte. 210486/301).

Os informes relacionados motivan as causas que deron lugar a prestación do SAF sen cobertura contractual do total do periodo, que vai do 19 de outubro ao 30 de novembro, (non soio do prazo obxecto da referida indemnización substitutiva, que foi so, entre o 19/10 ao 30/10/2020). Estas causas son as seguintes:

- O retraso producido na sinatura do novo contrato do SAF debido a interposición, e posterior resolución, dun recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, pola empresa Clece, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2020 de adxudicación á empresa Servisar Servicios Sociales, S.L.U do novo contrato do SAF.

- O carácter esencial do SAF, por tratarse dun servizo básico para as persoas usuarias, maioritariamente dependentes cuxa continuidade debe quedar garantida en todo momento.

- A solicitude ao anterior contratista Clece, S.A., con resposta positiva, do mantemento da prestación do servizo durante o periodo de tempo imprescindible que medie entre o remate do actual ata o inicio da execución do novo contrato, sempre que se lle aboase o precio/hora da adxudicación no novo contrato licitado e adxudicado (16,69€/h).

II. Por tanto, e tendo en conta que no citado acordo da Xunta de Goberno Local, aprobouse o aboamento mediante indemnización substitutiva a Clece, das facturas que recollen o periodo de prestación do servizo que vai dende o 19/10/2020 ao 30/10/2020, todavía está pendente de aboamento o resto do tempo, dende o 1/11/2020 ao 30/11/2020.

Así, Clece, S.A. con data 11/12/2020 presentou as tres últimas das facturas pola prestación do SAF dende o 01/11/2020 ao 30/11/2020:

- Factura 78154000006320F ,do SAF-Dependencia, por importe de 508.634,45€
- Factura 78154000006220F, do SAF-Libre concorrencia, por importe de 61.184,53€
- Factura 78154000006420F,, do SAF-Horas extraord. Covid-19, por importe de 37.558,93€

Estas facturas aplican o prezo/hora da nova adxudicación (16,69€/h), o que se considera axeitado, xa que foi o prezo máis barato dos ofertados. Ademais, de terse formalizado en prazo o novo contrato, ese sería o custo a pagar polo servizo naquel periodo de tempo.

O importe total destas facturas é de 607.377,91€, ao que se da conformidade, existindo crédito suficiente na RC 202000036527 e aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 (“*Prestación servizo de axuda no fogar*”), sen que afecte ás necesidades de gasto a imputar a esa aplicación durante o presente ano.

PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, unha vez emitidos os correspondentes informes xurídicos e de fiscalización, a adopción do seguinte ACORDO:

«Aprobar o aboamento, mediante indemnización substitutiva, de 607.377,91€, a favor de “CLECE, S.A.” pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar no período 01.11.30 – 31.11.2020 con cargo ao RC 202000036527 e aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01, correspondente ás seguintes facturas:

- Factura 78154000006320F ,do SAF-Dependencia, por importe de 508.634,45€
- Factura 78154000006220F, do SAF-Libre concorrencia, por importe de 61.184,53€
- Factura 78154000006420F,, do SAF-Horas extraord. Covid-19, por importe de 37.558,93€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(1103).- AUTORIZACIÓN DO ABONO A CONTA DA INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS CONSECUCENCIA DA SUSPENSIÓN PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE. EXPTE. 6507/241.

Visto o informe de fiscalización do 17/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019, acordou adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611). Dito contrato se formalizou na data 27 de xuño de 2019.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal.

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.



Concello de Vigo

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611) formalizado con “FCC AQUALIA, S.A” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia prodúcese:

- *A suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.*
- *A suspensión parcial da parte fixa do contrato afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza.*

Continúase coa prestación dos servizos de dirección, mantemento técnico, subministrados enerxéticos e o 50% do servizo de limpeza vinculados ás instalacións públicas.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, excepto a suspensión parcial do servizo de limpeza que terá efectos desde o 2 de abril de 2020, datas nas que se produciu a situacións de feitos que impiden a súa prestación e ata que poidan reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Octavo.- O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo establece, no seu artigo 3, a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, a proposta, no seu caso, das comunidades autónomas e, á vista da evolución de indicadores.

Noveno.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Décimo.- A Orde SND/458/2020, de 30 de maio, regula a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Undécimo.- En data 11 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Reanudar a execución da parte fixa do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVICIOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza, o luns 15 de xuño de 2020, manténdose a suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.”

Duodécimo.- En data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reanudar a execución da parte variable do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) o día 25 de setembro de 2020 os postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores.”

Décimo terceiro.- En data 30 de xullo de 2020, D. José Luis García Ibáñez, en nome e representación de FCC AQUALIA, S.A., presenta a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE W458722-5882) escrito de solicitude de indemnización correspondente ós meses de marzo a xuño, como consecuencia da *suspensión do contrato administrativo expte. nº 2.496-611, de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Tras requerirselo a mellora da solicitude, en data 4 de setembro achega mellora de solicitude.*

Undécimo- En data 11 de decembro de 2020, o adxunto ó xefe do servizo de Deportes, informa o seguinte:

“En cumprimento do artigo 34.1.1 do Real Decreto-Lei 8/2020 o alcance dos danos e prexuízos indemnizable será unicamente os seguintes:

1. Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.
2. Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.
3. Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.
4. Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato”.

A mercantil FCC Aqualia solicita indemnización de acordo co RDL 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 expt. 6507/241 e doc. 200184213.

A mercantil FCC Aqualia realiza aclaración da documentación aportada ao exped. 6507/241 a requerimento do servizo xestor.

Tras a análise da documentación aportada pola mercantil no doc. 200184213 e atendendo ó artigo 34.1 do RDL 8/2020 exponse:



Concello de Vigo

Primeiro: Gastos salariais: os gastos salariais recollidos na documentación están recollidos na apartado d) do documento presentado, pax. 2., e desagregados no anexo IV da documentación. Tras a análise da mesma estes están desagregados polos días de marzo e meses de abril (menos 1 día), maio e xuño (15 días), polos conceptos de Coordinador deportivo, responsable de contrato ou xefe de servizo, limpiador/a, monitor instalación deportiva, recepcionista instalación deportiva, socorrista instalación deportiva por importe total de 150.656,99 euros. No anexo IV presentase desagregado todos os costes. Presenta no Anexo V, documento da Tesourería Xeral da Seguridade Social das cotizacións sociais, así como o documento de abono bancario do Banco de Santander, polos diferentes períodos. Presenta nóminas dos traballadores doc. Anexado a expd. 6507_241, 200159021.

Tras a comprobación o importe de 150.656,99 euros solicitado consideranse correcto segundo os porcentaxes indicados.

Segundo: Gastos mantemento garantía definitiva. A mercantil solicita gastos por importe de 69,25 euros de marzo (días do 14-30), 153,35 euros de abril, 153,35 euros de maio e 153,35 euros de xuño. Con respecto a este mes enténdese que deben ser 15 días o reactivarse o servizo o 16 de xuño, como así queda acreditado no documento de gastos de persoal, o importe para o mes de xuño debe ser de 76,75 euros para 15 días. Os importes a indemnizar deben ser de 69,25, 153,35, 153,35e 76,75 euros respectivamente, sendo o importe total de 453,2 euros. Presenta documento Bancario da realización do pago e documento da contabilización do aval no Concello de Vigo.

Terceiro: Gastos de pólizas de seguros. Solicita indemnización por:

a) Prima seguro de persoal, cos seguintes importes

de 14-30 marzo	abril	maio	Xuño
280,71	467,85	467,85	467,85

As cantidades a indemnizar deben ser:

	Marzo (do 14 - 31)	Abril	Maio	Xuño (do 1 - 15)	
días	18	30	30	15	total
os importes deben ser	276,9	461,5	476,89	230,75	1.446,04

Consideranse 15 días de xuño xa que o servizo reactivouse o día 16.

Importe total :1.446, 04 euros.

Presenta documento recibo da entidade aseguradora Zurich, non xustificante de pago, si documento de Zurich de realizar o pago e declaración xurada na que declara realizar o pago.

b) Seguro de RC xeral e medio ambiente solicita:

	Marzo	Abril	Maio	Xuño
días	18			
os importes deberían ser	154,01	341,03	341,03	341,79

Da documentación presentada non se pode acreditar correctamente a cantidade indicada para o prorrateo da póliza de RC e medio ambiente ó no poder corroborar o importe da prima. Si se presenta declaración xurada de que están o corrente de pago e documento de AXA seguros.

Presenta declaración xurada no anexo VI na que declara que tivo traballadores en ERTE da parte variable do contrato (coordinadores e monitores) e da parte fixa (recepción e socorrismo), os traballadores de limpeza non estiveron en ERTE aínda que se reduciu o servizo ó 50 %, que ningún dos traballadores en ERTE disfrutou de permiso retribuído, e ningún traballador en suspensión de contrato realizou traballos alleos. Que a empresa está o corrente da SS e da Renda das persoas físicas, así como que está ó corrente de pago das primas dos seguros e que o responsable do contrato computa o 50% do seu salario o servizo estando polo que solicitan o 25% en concepto de indemnización o estar inactivo máis do 60% da prestación do contrato.

Atendendo ó que antecede propónse ó servizo de contratación a tramitación de indemnización a favor da mercantil FCC AQUALIA S.A da cantidade de 152.556,23 euros polos meses e período solicitados, de marzo, abril, maio e xuño. O importe desta de indemnización aplicarase con cargo ós créditos comprometidos para a xestión do contrato contabilizados segundo o seguinte cadro.

Partida orzamentaria	Coste variable monitores		AD	importe indemnización euros:
				152.556,23
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	202000007205	15.255,62
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	202000007206	17.284,62
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	202000007207	48.894,27
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	202000007208	32.723,31
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	202000007209	24.637,83
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	202000007210	13.760,57
total		100%		152.556,23

”



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

+

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e prexuízos polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao personal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan. En caso de que entre o personal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope personal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alquileres ou costes de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato suscritas polo contratista e que estén vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou

as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatalo.

Non se abonarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POL- LOS DANOS E PERXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CON- TRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder á instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pago ou mediante pagos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perxuízos ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitudes de abonos parciais do períodos do 16 o 31 de marzo, dos meses de abril e maio, e do 1 o 15 de xuño. O contrato continuo suspendido na parte variable ata o 30 de setembro, polo tanto quedaría pendente o período do 16 de xuño ó 30 de setembro.



Concello de Vigo

A lei permite ó órgano de contratación esixir para efectuar o anticipo que o mesmo se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na LCSP. Máis esta Administración opta por non esixir estas garantías.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

Se aclara neste que o contratista presenta “*declaración xurada no anexo VI na que declara que tivo traballadores en ERTE da parte variable do contrato (coordinadores e monitores) e da parte fixa (recepción e socorrismo), os traballadores de limpeza non estiveron en ERTE aínda que se reduciu o servizo ó 50 %, que ningún dos traballadores en ERTE disfrutou de permiso retribuído, e ningún traballador en suspensión de contrato realizou traballos alleos. Que a empresa está o corrente da SS e da Renda das persoas físicas, así como que está ó corrente de pago das primas dos seguros e que o responsable do contrato computa o 50% do seu salario o servizo estando polo que solicitan o 25% en concepto de indemnización o estar inactivo mais do 60% da prestación do contrato*”.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado por FCC AQUALIA, S.A, polos danos e prexuízos causados como consecuencia da suspensión parcial da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte, dende o 14 de marzo ata o 15 de xuño pola suspensión da parte fixa do contrato. A suspensión foi declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde 14 de marzo de 2020. A parte fixa reanudouse o 16 de xuño de 2020, e a parte variable o día 25 de setembro de 2020, con relación ós postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores. A indemnización correspondente ó período citado é de 152.556,23 euros. A mesma imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida orzamentaria	Coste variable monitores		AD	importe indemnización euros:
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	202000007205	15.255,62
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	202000007206	17.284,62
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	202000007207	48.894,27
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	202000007208	32.723,31
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	202000007209	24.637,83
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	202000007210	13.760,57
total		100%		152.556,23

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Autorizar o abono a conta a FCC AQUALIA, S.A, da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión parcial da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril, dende o 14 de marzo o 15 de xuño de 2020. A indemnización correspondente ó período citado é de 152.556,23 euros, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:

- *Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao personal adscrito á execución ordinaria do contrato: 150.656,99 euros*
- *Gastos por mantemento da garantía definitiva: 453,20 euros*
- *Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 1.446, 04 euros”*

2º.- O abono a cuenta imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida orzamentaria	Coste variable monitores		AD	importe indemnización euros:
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	202000007205	15.255,62
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	202000007206	17.284,62
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	202000007207	48.894,27
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	202000007208	32.723,31
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	202000007209	24.637,83
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	202000007210	13.760,57
total		100%		152.556,23



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1104).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO BP03 MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 7548/106.

Visto o informe xurídico do 11/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **14 de setembro de 2009**, adoptou o seguinte acordou:

Primeiro.- *Outorgar unha concesión de dominio por un prazo de 19 anos a contar desde o día 1 de outubro de 2009 a Marli Rodríguez Lemos con NIF ***9329>> sobre o posto denominado BP03 (con anterioridade á reforma do mercado B21), suxeita entre outras ás seguintes condicións:*

- a)O canon mensual inicial é de 90,62 euros, que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calquera tipo de acordo có Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica no apartado seguinte.*
- b)Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.*
- c)Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.*
- d)A concesión está condicionada a que, nos prazos que se indican, o concesionario efectúe o ingreso das seguintes contías nos prazos que se indican, coma complemento ós 356,7 € xa ingresados a conta.../*
- e)Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope baleiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión. Non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso*
- f)De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comercian-*

tes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto.

g) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.

h) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización

i) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:

- ▣ Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
- ▣ O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- ▣ No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíble ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- ▣ As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

*j) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministrados (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrogable.
.../..."*

SEGUNDO.- Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con data .22 de setembro de 2020, Dña. Elvira Ayari García Campos NIF ***8930>>, solicitou autorización para a cesión da concesión de dominio ao seu favor. Recabada información do servizo de Recaudación, este emite con data 9 de novembro de 2020, certificación positiva da non existencia de débedas pendentes do concesionario.

TERCEIRO.- Así mesmo, achégase ao expediente información da situación actual de Alta no Réxime Especial de Autónomos dende o 12/08/2020, e declaración responsable de Elvira Ayari García Campos conforme se compromete a cumprir cas condicións da concesión, cumprimento dos requisitos de capacidade xurídica, de obrar para contratar, e atoparse ao corrente das obrigas tributarias e S. Social; xunto co diploma acreditativo da acción formativa para manipulador de alimentos e hixiene alimentaria.

CUARTO.- Durante a instrución do expediente realizáronse sendos trámites de audiencia a ambas partes sin que conste alegación ao respecto.

De conformidade coas condicións do outorgamento indicadas no apartado primeiro e coa solicitude á que se refire o presente, xunto o informe xurídico que se achega ao expediente, propónse a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO

*PRIMEIRO.- Autorizar a cesión da concesión de dominio solicitada por Dna. Elvira Ayari García Campos e con un escrito de conformidade para continuar coa tramitación por parte de Dna. Marli Rodríguez Lemos NIF ***9329>>, e en consecuencia, outorgar a mesma a Elvira Ayari García Campos, con NIF ***8930>> ata a data de remate do 30 de setembro de 2028, sobor do posto denominado BP03, suxeita ás seguintes condicións:*

- a) O canon mensual inicial de 2020 é de 246,49 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC independente do indicado no apartado seguinte.*
- b) Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.*
- c) Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRL-FL.*
- d) A transmisión da concesión implica a liquidación da persoa cedente do posto do importe de **1.971,92** euros, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 246,49 €/mes, polo número de anos ou fracción, que lle restan ata o remate da concesión (30-09-2028) de 8 anos, a contar dende a data do precontrato de cesión do 30/09/2020.*
- e) De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto. Pola súa banda, o mobiliario existente no posto e que se transmite con él é propiedade do Concello de Vigo, tra-los acordos ós que a tal fin chegou o Concello de Vigo cós adxudicatarios dos postos, quedando o novo adxudicatario á súa boa conservación e uso e nos estando permitida, agás autorización expresa, a súa retirada ou substitución.*
- f) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- g) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización*
- h) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.*
- i) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*
 - Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*

- *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíbel ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal. “*

SEGUNDO.- *Requerir á.Dna. Marli Rodríguez Lemos NIF ***9329>>,o pago de **1.971,92 €** euros (resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 246,49 €/mes polo tempo que resta ata a data de remate da concesión do 30-09-2028 (8 anos).*

TERCEIRO.- *Advertir que, unha vez aboada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.*

CUARTO.- *Notificar o presente acordo aos interesados cedente e cesionario, así como á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, concesionaria do mercado, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1105).- NOMEAMENTO REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA O ANO 2021 NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE. 24723/332.

Dáse conta do informe-proposta do 15/12/2020, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local. A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno y de coordinación docente de los centros



Concello de Vigo

públicos”, artigos 126 e 127; que se modifica nos artigos 79 e 80 da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88) e demais disposicións legais vixentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público. Estes representantes municipais nos consellos escolares de centros, desempeñarán as atribucións que están establecidas no artigo 80 da LOMCE e nos Decretos desenvolvidos con posterioridade. Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.
2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respecten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE e dos Decretos desenvolvidos con posterioridade..
4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.
6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria, é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado as tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións do Concelleiro Delegado de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación, Benestar Social, Xuventude, Admon. de Tributos e Tenenza de Alcaldía, polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estes Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2021. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2021, serán aplicados con cargo á partida presupostaria 3230.233.00.00 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do presuposto de 2021.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 1190****) Pertenece ao Grupo A2

- ☐ CEIP Emilia Pardo Bazán.
- ☐ CEIP Illas Cíes.
- ☐ CEIP Escultor Acuña.
- ☐ CEIP Seis do Nadal.
- ☐ CEIP Pintor Laxeiro.
- ☐ IES Alexandre Bóveda.
- ☐ IES Alvaro Cunqueiro.
- ☐ Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

ZONA 2.

MARÍA JOSÉ LOUREIRO BADA (NIF ****0259) Pertenece ao Grupo A1

1. CEP Santa Tegra.
2. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
3. CEIP García Barbón.
4. CEIP Lope de Vega.
5. CEIP Sárdoma Moledo.

ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 3601****) Pertenece ao Grupo C1



Concello de Vigo

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas.
7. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
8. Escola Infantil Municipal Navia.
9. Escola Infantil Municipal Bembrive.

ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF ****6809) Pertenece ao Grupo A1

1. CEIP Candeán Fonteescura.
2. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
3. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
4. CEIP Navia A. R. Castelao.
5. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
6. IES Sta. Irene..
7. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.
8. IES Audiovisual Vigo.

ZONA 5

PILAR CARNEIRO MINIÑO (NIF 7698****) Pertenece ao grupo A1

1. CEIP Coruxo-Carrasqueira.
2. IES Coruxo Carrasqueira.
3. CEIP A Paz-Tintureira.
4. CEIP Ría de Vigo.
5. IES Valadares.

ZONA 6

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF ****8643) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Frián- Teis.
2. CEIP Paraixal.
3. EPA Barbés.
4. IES ROU (Rosais I).
5. IES Rosais 2.

ZONA 7

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF 3609****) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I. Palencia.
5. E.E.I Hernán Cortés.

ZONA 8

MARIA I. BILBAO ECHEGARAY (NIF ****4812) Pertenece a grupo C1

1. E.E.I. Cristo da Victoria.

2. E.E.I. Monte da Guía.
3. CEIP Canicouva- Pereiró.
4. CEP Celso Emilio Ferreiro.
5. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 9

MARIA JESÚS SANROMAN VARELA (NIF 3601****) Pertenece a grupo A2

1. CEIP San Salvador (Teis).
2. CEIP Josefa Alonso.
3. CEIP Otero Pedraio.
4. Ceip Valadares-Igrexa

ZONA 10

MARIA RITA RIELO FRANCO (NIF 3606****) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Santa Mariña – Cabral.
4. CEIP Cabral Sello.
5. CEE Saladino Cortizo.

ZONA 11

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF ****7554) Pertenece a grupo A2

1. CEIP A Doblada.
2. CEIP Carballal (Cabral).
3. IES Castelao.
4. IES Carlos Casares.
5. IES Ricardo Mella.

ZONA 12

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF 3606****) Pertenece a grupo A2

1. EEI Vilalaura.
2. CEIP Sobreira-Valadares.
3. CEIP Coutada-Beadé.
4. EEI Monte do Alba.
5. E.E.I. Valadares.

ZONA 13

MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA (NIF ****5364) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Altamar.
3. CEIP Mestres Goldar.
4. IES O Castro.
5. IES Politécnico.



Concello de Vigo

ZONA 14

IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA (NIF: 3613****) Pertenece a grupo C2

1. CEIP Balaídos.
2. CEIP Vicente Risco.
3. CEIP Valle Inclán.
4. IES Sto.Tomé de Freixeiro.

ZONA 15

JOSE ANTONIO FRANCO REZA (NIF ****7780) Pertenece a grupo C2

1. CEP Doutor Fléming.
2. IES Teis.
3. IES A Guía.
4. IES Beade.

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2021.

A previsión do gasto anual polo concepto "Dietsas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 12.000.-€, con cargo á partida 3230.233.00.00 do orzamento de 2021.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1106).- APROBACIÓN DO MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICA DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO ANO 2021. EXPTE. 10564/224.

Visto o informe xurídico do 03/12/2020 e o informe de fiscalización do 17/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Igualdade, mediante Resolución de data 2 de decembro de 2020 ordenou o inicio o expediente administrativo para a aprobación do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero».

Este expediente recolle as bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións directas para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2021, por un importe máximo de 20.000,00 € con cargo á partida “Bolsas económicas” 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2021 da Concellería de Igualdade.

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. No período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 ata o 13 de novembro de 2020, 1.074 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas só en España, segundo datos do *Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad*. Non obstante, hai que ter en conta que este é un dos aspectos máis dramáticos e visibles das consecuencias da violencia de xénero, pero esta se manifesta de diversas formas e en diversos contextos, quedando moitas veces oculta. Ademais, esta violencia afecta tamén os e as menores que a sofren, con consecuencias fatais para o seu desenvolvemento. Desde o ano 2013, e ata o 15 de xuño de 2020 (última data oficial recollida na web do Ministerio) segundo datos oficiais, 37 menores foron vítimas mortais da violencia de xénero. Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia as mulleres, a seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúen ás entidades locais competencias en: actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegación de competencias e Acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2019, 4 e 11 de xullo de 2019, 5 de setembro de 2019 e 18 de agosto de 2020 sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas Concelleiras/os delegadas/os de área) e que no relativo a este servizo e programa á súa finalidade, e: “concesión de axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto”.

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno



Concello de Vigo

Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos *garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*. Entre as actuacións a poñer en marcha: *potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia*.

Consciente da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia dende diversos dispositivos e programas municipais. Así, a través da Concellería de Igualdade, lévanse a cabo programas de prevención e sensibilización, ademais da posta en marcha dunha serie de servizos e programas de atención e tratamento específico e integral da violencia de xénero. Cabe salientar o labor desenvolvido desde o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, desde o cal se ofrece apoio e asesoramento legal, psicolóxico e social, que se complementa con dispositivos de acollemento como o Centro de Emerxencia ou a Rede de Vivendas Municipal dirixido a vítimas de violencia de xénero.

Para que o acollemento e a atención sexa integral, a intervención non só debe comprender aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, senón que existen aspectos económicos de carácter urxente que deben ser cubertos para que as mulleres en situación de estar a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria. A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter baixo o seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de máis de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor.

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2021, no marco definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

Ao abeiro do previsto no art. 56 do RD 887/2006, do 21 de xuño, e na Base 29ª.3 de execución do orzamento xeral do exercicio 2020 propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No casos extremos de que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegación de competencias e Acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2019, 4 e 11 de xullo de 2019, 5 de setembro de 2019 e 18 de agosto de 2020 sobre delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, a concelleira de Igualdade terá a facultade de *“concesión de axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto”*.

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte partida e importe:

Partida	Importe	Exercicio económico
<i>“Bolsas económicas”</i> 2311- 480.00.00	20.000,00 €.	2021

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente tramitado como anticipado de gasto (Base 29ª das Bases de execución do Orzamento Xeral do ano 2020) establece o marco de actuación para o procedemento aplicable o longo do ano 2021, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consta dos obxectivos a clasificación das axudas, requisitos e obrigas das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contéplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.



Concello de Vigo

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de acreditar estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a “Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas” establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atopa nunha situación de protección que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

“1º Aprobar o *Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2021* que se recollen no Anexo I do expediente 10564-224.

2º Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base nº 29ª.3 de execución do orzamento xeral municipal.

3º Autorizar o gasto por importe de 20.000,00 Euros (vinte mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria *“Bolsas económicas”* 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2021 da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

4º Aprobar o texto da convocatoria do programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero durante o exercicio 2021 e do extracto da mesma, (Anexos II e III) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución de 10 de decembro da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

5º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 20.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número ***9888**, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número ***0763**, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento das axudas directas de carácter non periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2021.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

O programa dirixese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atencións as mulleres do Concello de Vigo.

No casos extremos en que a muller faleza ou teña lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

TERCEIRA.- Beneficiarias

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero que estean a tratamento nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que imposibiliten a recepción da axuda, está poderase conceder a algún membro/a da súa familia.



Concello de Vigo

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade, os que convivisen coa nai, o beneficiario/a da axuda será a persoa adulta que se responsabilice do/s menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico da proposta da axuda.

CUARTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo.

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de violencia de xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Tendo en conta a natureza destas axudas, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 da LXS (Lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2021 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificarase a partida na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional da Concellería de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, acreditación de situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

No informe social emitido deberá quedar acreditada as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos así como a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas polos servizos sociais de atención primaria ou por outras administracións públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

A concelleira delegada de Igualdade será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción desta para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal, non periódicas, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero, situación acreditada e valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.



Concello de Vigo

A concesión dunha destas axudas non da dereito por si mesmo á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

OITAVA.- Presentación de solicitude e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral Municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cubertas e asinadas pola solicitante.

O servizo municipal de Igualdade poderá tramitar a solicitude de oficio ante causas excepcionais que imposibiliten á solicitante realizala (causas como confinamento pola situación de alarma pola Covid-19, enfermidade, situación de illamento por corentena, etc).

Atenderanse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 23.12.2021.

NOVENA.- Solicitude de fondos

A Concellería de Igualdade solicitará o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento vixente.

DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das axudas concedidas

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a “Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas” establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atopa nunha situación de protección que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante a traballadora social do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas, como poden ser os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia da traballadora social do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Avaliación e seguimento

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda.

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida, elaborárase unha memoria anual que reflicta cando menos:

- k) número de beneficiarias
- l) finalidade da axuda
- m) importe das axudas concedidas
- n) seguimento do destino das axudas
- o) número de solicitudes denegadas
- p) motivo de denegación de solicitudes



Concello de Vigo

ANEXO I-A



Concello de Vigo
C.I.F. P3605700H
Praza do Rei 1 - 36202
Tel: 986 810 100

IMPRESO DE SOLICITUDE

PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS DIREC-
TAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE
VIOLENCIA DE XÉNERO
ANO 2021

CONCELLERÍA DE IGUALDADE

registro Selo

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos			* Teléfono 1		Teléfono 2		
	ENDEREZO FISCAL								
	* Nome da rúa, praza, etc			* Núm	Portal	Escaleira	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento	Correo electrónico				

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN									
Nome da rúa, praza, etc				Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono 1		Teléfono 2		
	Nome da rúa, praza, etc				Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:

Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2021) da Concellería de Igualdade, para:(indicar concepto e importe solicitado).

Para o que achega a seguinte documentación:

.....
.....
.....
.....

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

- Mensaxe (SMS) ao móbil
 Correo electrónico.

DECLARA:

1º Que coñece e acepta as bases do “Programa municipal de axudas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2021” da Concellería de Igualdade.

2º Que non esta incurso nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación desta solicitude, de acordo coas Bases do programa.

Nome e apelidos	nº DNI/ NIE/ Pasaporte	Sinatura

(Firma da solicitante)

Vigo, dede 2021

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámola dos seguintes extremos: Os datos de carácter persoal que achegue serán obxecto de tratamento dos ficheiros responsabilidade do Concello de Vigo

A finalidade do tratamento é xestionar o programa de axudas económicas dirixidas a vítimas de violencia de xénero municipal. Estes datos non serán cedidos a terceiros, salvo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elabora-



Concello de Vigo

ción de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org. Así mesmo, as persoas usuarias teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

ANEXO II

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2021

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2021, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº-----

Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2021 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

Destinatarias

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

- 1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada
- 2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por parte do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo
- 3º.-Residir no termo municipal de Vigo
- 4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
- 5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.
- 6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que solicite o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de In-

formación dos Dereitos da Muller ou ben, autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro Xeral municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O servizo municipal de Igualdade poderá tramitar a solicitude de oficio ante causas excepcionais que imposibiliten á solicitante realizala (causas como confinamento pola situación de alarma pola Covid-19, enfermidade, situación de illamento por corentena, etc).

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 23 de decembro de 2021.

Publicidade

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a “Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas” establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que existe ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atopa nunha situación de protección que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións” sen menoscaño do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

ANEXO III

EXTRACTO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data, polo que se aproba a convocatoria do “Programa de axudas directas para mulleres vítimas de violencia de xénero para o ano 2021”.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>):



Concello de Vigo

PRIMEIRA.- BENEFICIARIAS

O programa diríxese as mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas

CUARTA.- CRÉDITO DE APLICACIÓN PRESUPOSTARIA

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2021 da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 23 de decembro de 2021.

SEXTA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Remitirase a Convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma. Ao mesmo, publicaranse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo.

9(1107).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2020. EXPTE. 2850/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/12/2020, asinado pola técnico de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de outubro e novembro de 2020.

Expediente	2797-334. IMPARTICIÓN DUN OBRADOIRO DE ESCRITA DE DRAMATURXIA EN LINGUA GALEGA, DE 20 HORAS DE DURACIÓN, DIRIXIDO A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 1 de outubro de 2020
Informe Intervención	RC 57593
Adxudicatario	Ernesto Suárez Is
Importe	864,00 euros

Expediente	2800-334. IMPARTICIÓN DUN OBRADOIRO DE ESCRITA CREATIVA EN LINGUA GALEGA, DIRIXIDO A PÚBLICO ADULTO, 26 HORAS
Resolución concelleira	data 9 de outubro de 2020
Informe Intervención	RC 59509
Adxudicatario	Andreia Costas Otero
Importe	936,00 euros

Expediente	2801-334. PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA GARANTIRMOS AS NORMAS VERBO DA COVID-19 NA ACTIVIDADE FORMATIVA ORGANIZADA ENTRE OS MESES DE OUTUBRO A DECEMBRO POLA CNL
Resolución concelleira	data 14 de outubro de 2020
Informe Intervención	RC 59879
Adxudicatario	Eventos Espectaculares del Noroeste, S.L.
Importe	934,28 euros

Expediente	2802-334. REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN E VOZ (VOZ NARRADA E VOZ CONTADA), DE 21 HORAS DE DURACIÓN, DESTINADO A PÚBLICO ADULTO, PARA DESENVOLVER NOS VINDEIROS MESES NO AUDITORIO MAR DE VIGO
Resolución concelleira	data 14 de outubro de 2020
Informe Intervención	RC 60358
Adxudicatario	Esperanza Mara Filgueira Rama (emarArte)
Importe	756,00 euros

Expediente	2809-334. IMPARTICIÓN DUN CURSO SOBRE PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO, AS LENDAS E A TRADICIÓN ORAL, DE 44 HORAS PARA PERSOAS ADULTAS NO CIOV
Resolución concelleira	data 2 de novembro de 2020
Informe Intervención	RC 64133
Adxudicatario	Beatriz González Campos



Concello de Vigo

Importe	1.584,00 euros
---------	----------------

Expediente	2815-334. IMPARTICIÓN DUN CURSO DE NARRACIÓN ORAL DE 28 HORAS PARA PERSOAS ADULTAS NO CIOV
Resolución concelleira	data 27 de novembro de 2020
Informe Intervención	RC 64513
Adxudicatario	Beatriz González Campos
Importe	1.008,00 euros

Expediente	2816-334. IMPARTICIÓN DUN CURSO DE ACHEGAMENTO Á LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL E ESCRITA DENDE ESTA: SOMOS HERDEIRAS, E UN OBRADOIRO DE SLAM, DIRIXIDOS TODOS ELES A PÚBLICO ADULTO E PARA REALIZAR ENTRE OS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO
Resolución concelleira	data 20 de novembro de 2020
Informe Intervención	RC 64514
Adxudicatario	Jesús Ruperto Andrés Tejada
Importe	1.080,00 euros

Expediente	2823-334. REEDICIÓN DOS LIBROS DE TOPONIMIA DA COLECCIÓN "TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO, CORRESPONDENTES ÁS PARROQUIAS DE COIA (50 EXEMPLARES), LAVADORES (100 EXEMPLARES) E FREIXEIRO-SÁRDOMA (50 EXEMPLARES)
Resolución concelleira	data 27 de novembro de 2020
Informe Intervención	RC 70186
Adxudicatario	Tórculo, Comunicación Gráfica, S.A.
Importe	1.639,28 euros

Expediente	2825-334. RECOLLIDA E CLASIFICACIÓN DA TOPONIMIA DA PARROQUIA DE MATAMÁ
Resolución concelleira	data 26 de novembro de 2020
Informe Intervención	RC 71748
Adxudicatario	Sociedade Cultural e Deportiva "Atlántida" de Matamá
Importe	1.485,00 euros

Expediente	2828-334. MERCA DE LIBROS DE CONSULTA, DICIONARIOS E MATERIAL AUDIOVISUAL
Resolución concelleira	data 30 de novembro de 2020
Informe Intervención	RC 72842

Adxudicatario	María Isabel Tato Sánchez (Librería Cartabón)
Importe	1.034,53 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(1108).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO VII PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA. EXPTE. 10122/307.

Visto o informe xurídico do 15/12/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A concellería de Patrimonio Histórico conta entre as súas competencias (resolución de Alcaldía de 18/06/2019) “*a defensa e promoción do conxunto do patrimonio cultural*”; por outra banda, o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, recolle as materias nas que o municipio exerce competencias propias, e sinala o seguinte: “*O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:... m) “Promoción da cultura e equipamentos culturais.”*”

Neste marco, a concelleira delegada, por resolución do 9 de decembro de 2020, inicia expediente para desenvolver o VII programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana e someter a aprobación da Xunta de Goberno Local as bases do programa.

O obxectivo principal desta actuación é acometer un conxunto de accións impulsadas dende Concello cara a mellorar a imaxe urbana da cidade e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribúa ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.

O obxecto do ***Sétimo programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos*** é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.



Concello de Vigo

- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida disfrutar libremente das expresións do novo arte contemporáneo.

O propósito da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...

Nesta edición, continuadora das anteriores, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ao orzamento dispoñible.

